



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 6 DE NOVEMBRO DE 2008**

**ALCALDE:** D. Jesús Vazquez Almuiña

**CONCELLEIROS:** D. Angel Manuel Rodal Almuiña  
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén  
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez  
Dña.Maria Iglesias Fernández  
Dña.Ana Simons Sánchez  
D.Jose Rodríguez Trigo  
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal  
Dña.Laura Miguez Pérez  
Dna.Emilia Giráldez Ramirez  
Dña. Teresa Perez Vieira  
D. Manuel A. Gonzalez Marcote

D. Xose Enrique Fernández Fernández  
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

**NON ASISTIU:** D.Manuel Rafael Estévez González

**SECRETARIA:** Dña.Susana Gallardo Fariña

**INTERVENTORA:** Dña.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a seis de novembro de dous mil oito, reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasandose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.-APROBACION ACTAS ANTERIORES.-**

***Acta de 3 de outubro de 2008***

***Acta de 30 de outubro de 2008***

Os concelleiros non dispoñen da acta do 3 de outubro de 2008, polo cal fica pendente a súa aprobación, se procede, para o próximo Pleno que se celebre.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Sométese a aprobación polo Sr.Alcalde a acta do 30 de outubro de 2008, resultando aprobada por unanimidade.

## **2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os concelleiros dispoñen da devandita relación.

## **3.-APROBACION, SE PROCEDE, DO IRMANAMENTO DO CONCELLO DE BAIONA CO CONCELLO DE VILA DO BISPO.**

Sr.Alcalde cede a palabra ó Sr.Vilar, CMÑ, quen da conta da seguinte Proposta da Alcaldía:

### **PROPOSTA** **IRMANAMENTO DE BAIONA CON VILA DO BISPO (PORTUGAL)**

Baiona, Palos de la Frontera e Santa Fe de Granada constitúen as tres poboacións históricas ligadas a xesta do Descubrimento de América levada a cabo por Cristóbal Colón. Santa Fe de La Vega de Granada foi o lugar onde se asinaron as Capitulacións entre os Reis Católicos e o Almirante D. Cristóbal Colón. Palos de la Frontera constitúe a cuna do Descubrimento de América de onde partiron as naves descubridoras o día 3 de agosto de 1492 e tamén é o lugar onde se atopa o Mosteiro da Rábida no que o Almirante atopouse coa acollida dos Frailes Franciscanos que en todo momento apoiaron o proxecto de Cristobal Colón e avalaron o mesmo ante as súas maxestades os Reis Católicos. Baiona A Real en Galicia foi o primeiro porto do vello continente que tivo a noticia do Descubrimento de América cando o 1º de Marzo de 1493 arribou a Carabela Pinta ó mando de Martín Alonso Pinzón coa noticia do Descubrimento.

Pero ésta xesta transcendental na historia de España e do mundo levada a cabo polos españoles non se pode entender no seu conxunto sin a importancia e a relevancia que xa antes do Descubrimento tiñan os navegantes portugueses. Que dominaban a navegación costeira a través de África e mesmo a navegación de altura grazas ós adiantos xurdidos da Escola que o Infante D. Henrique (D. Henrique O Navegante) tiña establecida na Fortaleza de Sagres en Vila do Bispo (Portugal).

De ahí que os tres concellos portugueses de Lagos, Vila do Bispo e Aljezur, próximos ó cabo San Vicente no Algarve, constitúen as terras do Infante xa que na Vila de Sagres (Vila do Bispo) faleceu o 13 de Novembro de 1460 O Infante D. Henrique fundador e propulsor da Escola de Navegantes de Sagres e artífice dos grandes descubrimentos portugueses.

Palos de la Frontera e Santa Fé de Granada, pobos irmanados pola xesta descubridora con Baiona, xa manteñen dende hai varios anos relacións formais de irmanamento con Lagos (Palos de la Frontera) e Vila do Bispo (Santa Fe de Granada) por tanto Baiona vai establecer pola súa condición histórica relación de irmanamento cos concellos das terras do Infante D. Henrique O Navegante.

Ó longo destes anos numerosas Delegacións portuguesas de Lagos e Vila do Bispo visitaron Baiona con motivo da celebración dos actos da Arribada do Descubrimento de América encabezados polos Tenientes de Alcaldes (Lagos) e polo Alcalde-Presidente da Cámara de Vila do Bispo D. Gilberto Repolho dos Reis Viegas.

De igual xeito unha Delegación baionesa estivo presente nos actos conmemorativos da Fortaleza de Sagres, en Vila do Bispo, no mes de xuño dos anos 2007 e 2008 encabezados polo Teniente Alcalde e Concelleiro de Relación cós Pobos Irmáns D. Manuel Ramón Vilar Márquez.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

A Fortaleza de Sagres atópase ubicada na punta do Cabo San Vicente próxima a Vila de Sagres no Concello de Vila do Bispo. Nesa emblemática fortaleza, considerada unha das maravillas de Portugal, e un dos lugares máis visitados do país veciño, estableceu o Infante D. Henrique a súa escola de Navegantes de igual xeito que na Fortaleza de Monterreal atopábase parte da antiga Vila de Baiona que acollía e protexía as numerosísimas naves que chegaban e partían do noso porto comercial.

Na costa Atlántica ámbalas dúas Fortalezas, Monterreal no norte e Sagres no sur, constitúen dous exemplos únicos da importancia que tiña a navegación atlántica no século XV.

Ademais disto ábrenos a posibilidade de completar os lazos de irmanamento das poboacións históricas españolas coas portuguesas ligadas ós descubrimentos.

Baiona como poboación galega cun idioma propio, o galego, similar ó portugués fai que os lazos de irmanamento cos nosos vecinos sexan máis fluídos e comprensibles o que sen dúbida engrandecerán mais si cabe nosa riqueza lingüística.

Por todo isto e considerando, como queda demostrado, a forte herdanza histórica que os descubrimentos representan para Portugal e España, considerando a intrínseca e recoñecida importancia preconizada no Concello de Vila do Bispo polo Infante D. Henrique e no Concello de Baiona pola xesta descubridora de Martín Alonso Pinzón o mando da Carabela Pinta.

Considerando a ligazón histórica entre os pobos dos dous municipios, pois o Cabo San Vicente constituiu de sempre unha referencia para os navegantes baioneses que incluso nos tempos actuais navegaron e navegan nas súas rutas comerciais e pesqueiras, coa referencia orientadora dos emblemáticos faros de San Vicente ( Vila do Bispo) e Silleiro (Baiona).

Co obxectivo de profundizar no entendimento e na amizade entre os dous municipios e comarcas en busca da cooperación e de puntos comúns de intereses bilaterais, na observancia da paz, da democracia e do desenvolvemento como membros da Unión Europea.

Os municipios de Vila do Bispo e de Baiona acordan selar **O SOLEMNE COMPROMISO DE IRMANAMENTO**, comprometéndose a manter lazos permanentes, a través da cooperación e do desenvolvemento de intercambios culturais, turísticos ( o Algarve e a rexión turística por excelencia de Portugal ), deportivos, económicos, medioambientais (o parque natural do cabo San Vicente), educacionais e outros que permitan a través da comprensión mutua, conxugar esforzos e a desenrolar proxectos de desenvolvemento asentados nos valores de fraternidade, de solidariedade, de democracia e de paz.

Este acordo de irmanamento entre os municipios de Vila do Bispo e Baiona xa foi aprobado en reunión do executivo camarario de Vila do Bispo no pasado día 6 de maio de 2008 autorizado na Asamblea Municipal do devandito municipio o 26 de xuño de 2008.

Estando pois cumpridos tódolos formalismos legais para que o Concello de Baiona a través do Pleno da Corporación Municipal acorde o devandito irmanamento entre ámbolos dous municipios marcando a data da sinatura en Baiona o próximo 1º de Marzo e en Vila do Bispo (Portugal) o vindeiro mes de xuño con motivo da festa das maravillas de Sagres e do día nacional de Portugal.

Por todo o anteriormente exposto se propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**1º.- Irmanamento do Concello de Baiona co Concello de Vila do Bispo (Portugal).**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

**2º.- Facultar ó Alcalde para que en nome e representación do Concello de Baiona suscriba o Protocolo e redacte a programa de actos e os documentos complementarios que fosen necesarios en representación do Concello de Baiona para levar a cabo os actos do devandito irmanamento.**

---

**SR.VILAR, CMÑ.-** Esta é unha moción que historicamente está motivada e existen todas as condicións para que este irmanamento se leve a cabo; sobre todo para completar xa os actos que os municipios españois de Santa Fe e Palos xa teñen coas terras do Infante.

Como ben dixemos nas Comisións Informativas, a relación de Baiona, e de puntos comúns, con Vila do Bispo, son grandes a todas luces, ó mesmo que con todos os Concellos das terras do Infante; e apporto agora un documento, posto que se produxo con posterioridade á Comisión Informativa, en relación á presenza deses 3 Concellos na Feira de Turismo que houbo en Vigo este pasado fin de semana, posto que eles se presentan sempre en conxunto, Lagos, Vila de Bispo e Aljezur, eles tratan de actuar sempre como unha unidade onde a figura do Infante Don Henrique resalta, que leo porque creo que é interesantísimo e como complemento do que acabo de expór, que dí:

*“A poucos kilómetros del auga aparece Vila do Bispo, un Concello rodeado de la mítica atmósfera de Sagres y del Cabo San Vicente, en el extremo más occidental del país; tiene más del 60 % de su territorio incluido en el Parque natural del sudoeste alantexano y costa vicentina, un espacio único donde la naturaleza y el mar se suman a la historia para dar a Vila do Bispo una personalidad irrepetible. Este es el extremo suroeste de Europa, donde se alza la emblemática Fortaleza de Sagres en la que siglos atrás el Infante Don Henrique fundó una escuela de navegación que tuvo un papel crucial en los descubrimientos portugueses. Con este Finisterre europeo está el Cabo San Vicente, barrido siempre por los vientos, al que los romanos llamaron “promontorio sacro”, en lugar mágico en donde se despliega un horizonte infinito de mar y cielo. Tiene además Vila do Bispo el mayor conjunto de menires de Europa y algunas playas consideradas entre las mejores del mundo como la de Martiñal”;* eu dou fé de isto e francamente creo que aquel é un lugar ligado á historia, á natureza, e cunha gran proxección tanto turística como mariñeira. Aparte de isto, en Baiona, no irmanamento con Portugal, temos unha gran ventaxa que é a lingua, isto fai posible que a comunicación cos portugueses sexa moito máis fluída. En Baiona non temos moitos irmanamentos, temos os xustos, pero éste que hoxe plantexamos ten un gran sentido; e quero dicir que Vila do Bispo está irmanada a sua vez cun lugar emblemático de Estados Unidos, que é Cabo Cañaveral, en parte porque os propios norteamericanos asociaron a importancia do que representaba a Escola de Navegantes, eses grandes descubrimentos que abriron as fronteiras do mundo antes do Descubrimento de América, co que os americanos fixeron coa conquista do espaciao dende Cabo Cañaveral; isto nos dá mostra da importancia histórica e estratéxica que ten este Municipio, polo cal pedimos ó Pleno que se formalice o irmanamento tal e como está aquí demostrado nesta Moción.

**SR.RODAL, PP.-** En el año 1975 se producía el hermanamiento entre Palos de la Frontera, cuna del Descubrimiento, y Baiona La Real, arribada del Descubrimiento, dos pueblos ligados por la historia a través de la gesta colombina; firmando el hermanamiento entre ambos en Baiona el 3 de noviembre de dicho año; el 1 de marzo de 1.994, con el 501 Aniversario de la Arribada, Baiona formaliza su hermanamiento con Santa Fe de Granda, cuna de la Hispanidad, aunque las relaciones entre ambos pueblos ya existían desde años atrás, teniendo en cuenta sus intensas relaciones comerciales mantenidas en la Edad Media y sus afinidades geográficas y socio-



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

culturales, y convencidos de los vínculos e intereses comunes entre ciudades de distintos países que contribuían a la paz y armonía entre los pueblos de Europa unida, los Ayuntamientos de Baiona y Pornic (Francia) acuerdan promover la amistad y cooperación entre las dos Villas, firmando su hermanamiento el día 1 de marzo de 1.997, dentro de los actos protocolarios del 504 Aniversario de la Arribada.

El 1 de marzo del 2001, coincidiendo con los actos institucionales del 507 Aniversario de la Arribada y considerando las relaciones históricas establecidas por la Carabela Pinta en 1493, entre las dos poblaciones, el Ayuntamiento baionés suscribe la Carta de hermanamiento con la localidad de Rafael Freyre, la tierra más hermosa que ojos hayan visto, según escribió Colón en su diario. A partir de estas fechas de las firmas de los respectivos protocolos Baiona viene estrechando sólidos y firmes lazos de hermandad y amistad con estos cuatro pueblos a través de distintos intercambios culturales, deportivos y colectivos sociales, así como de cooperación en el desarrollo de programas conjuntos dentro de un marco de libertad, entendimiento y respeto mutuos, acudiendo cada año sus autoridades a los actos de exaltación de la Arribada en Baiona donde se renuevan los compromisos de confraternidad. Y hoy, transcurridos 7 años desde nuestro último hermanamiento, elevamos al Pleno el acuerdo de hermanamiento entre los Municipios de Baiona y Vila do Bispo, Municipio portugués del Algarve, que cuenta con una población de unos 5.500 habitantes pero que a comienzos del siglo XX no llegaban al millar. Vila do Bispo, al igual que Baiona, es una población ligada al mar, siendo el único municipio portugués que debido a su localización geográfica posee 2 tipos de costas: la meridional, que cuenta hasta Cabo San Vicente con 13 playas, y la costa occidental que alberga 6 playas; lo que hace que como nuestra Villa baionesa Vila do Bispo tenga una importante captación turística pero sin llegar a ser desproporcionada, manteniendo un perfecto equilibrio entre la naturaleza paisajística y así como un riquísimo patrimonio histórico y cultural, como es el de nuestro Municipio; dándose curiosamente que ambas fueron atacadas por el corsario inglés Francis Drake, destruyendo en Baiona en el año 1585 la ermita de Santa Marta y dos años después, en el 1587, parte del Convento situado en la Fortaleza de Cabo San Vicente, lugar que siempre ha sido punto de referencia por las múltiples rutas marítimas que por allí cruzaban y que fue denominado en la Edad Media como “el final del mundo”.

Desde el Partido Popular apoyamos totalmente este hermanamiento pues creemos que son muchos los vínculos que nos unen a las tierras portuguesas y en especial a Vila do Bispo, y que este hermanamiento enriquecerá a nuestros dos pueblos a través de lazos culturales, históricos, y turísticos, entre otros; y como no, agradecer toda la labor desarrollada por el Concejal de Relaciones de Pueblos Hermanos, Manolo Vilar, pues sin su trabajo seguramente no pudiesemos llevar a cabo este acuerdo de hermanamiento. Muchas gracias.

**SR.LORES, PSOE.-** O partido socialista estará sempre a favor de todas as iniciativas que procuren o irmanamento ou calquer tipo de relación entre os pobos; non temos nada en contra de que o Concello de Baiona sexa reflexo do que representa unha Vila, un Concello aberto, os veciños e veciñas de Baiona ó longo de toda a historia sempre mantivemos unha sensibilidade cara outras culturas e cara a outras poboacións, de feito a mestizaxe que existe en Baiona é un bo signo deste carácter aberto ó mundo e de confraternidade con todos os pobos. Non temos nada en contra; todo a favor, e estaríamos dispostos a irmanarnos absolutamente con todo o mundo, non temos ningún problema. Simplemente dicir que entendemos que non soamente hai que buscar vínculos de semellanza senón que a veces a propia diferenza é algo que sería bo compartir; ou sexa, nós entendemos que as relacións entre pobos teñen que ser unhas relacións de comunicación, nunca de avasallamento, ningunha cultura ten que avasallar a outra, ningunha economía ten que avasallar a outra, as relacións entre os pobos ten que ser sempre de comunicación permanente



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

entre as distintas culturas. Polo tanto vamos a apoiar esta iniciativa; a razón, neste caso, pode ser por unha semellanza nese feito histórico que foi a viaxe de Colón, e todas as súas consecuencias, a América; podería haber outras distintas, como foi o caso de Pornic, por unha regata que se estaba facendo chegamos ó irmanamento con Pornic; entón todo o que sexa enriquecer a nosa cultura e procurar que toda a poboación de Baiona se irmane con outros pobos do mundo, nós o vamos a favorecer.

O único que queremos é que estes irmanamentos sexan realmente de Baiona e non soamente da Corporación; se os irmanamentos van a quedar en actos institucionais, en actos protocolarios, creo que non vale a pena facer este esforzo económico, este esforzo incluso intelectual, para establecer lazos e vínculos realmente importante. Entendemos que hai que sensibilizar a todo o noso Concello deste irmanamento e do que significa, e a diferenza do portavoz do PP nós sí teríamos que facerlle unha crítica á Concellalía de Pobos Irmáns porque a iniciativa pode estar ben pero neste momento os únicos que estamos ó tanto deste irmanamento somos os membros desta Corporación, pero non houbo ningunha información, ningún tipo de traballo que se fixera anterior a este irmanamento, supoño que despois sí haberá algún tipo de iniciativas, pero botamos en falta que non houbera ningún tipo de traballo previo porque trátase de compartir cousas, de compartir cultura, de compartir paisaxe, e de compartir economía, e incluso de compartir miserias; polo tanto deberíamos haber feito antes un traballo de información, de sensibilización, que este irmanamento foxe xa dende o primer momento un feito consolidado. Moitas grazas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Estiven escoitando as exposición do goberno, do ponente e máis do segundo Tenente de Alcalde, e a verdade é que os argumentos que dan para o irmanamento son que existe un Cabo, como aquí temos en Silleiro, a fortaleza tamén, que Drake os vapuleou na súa época, como nos vapuleo a nós, lles recordo que a ermita de Santa Marta tamén pertence a Baiona, repartíronse o botín, aínda que imaxino que da capela levarían pouco, eses son os plantexamentos que manexan; o compañeiro do PSOE decía agora que non so as coincidencias senón tamén as desigualdades poden servir para facer un irmanamento e a nós nos parece ben; nos parece ben que se fagan irmanamentos porque crean vínculos que poden incluso ser comerciais, sociais, personais incluso, posto que a xente cando ven aquí se relaciona cos veciños, se crean lazos de unión importantes, pero deberían crearse máis; cando se fixo, pensabamos que cando se creou a Concellalía de Pobos Irmáns era para potenciar a creación destes vínculos e destes convenios e lazos de unión, e temos que dicir que non cremos que haxa alcanzado ningún destes obxetivos, pero en principio sí é unha cuestión importante e que pode crear unha dinámica entre Concellos en diversas facetas, polo tanto nos parece ben este tipo de irmanamentos pero que se traballen, que non queden aquí.

Decir que a estas alturas que se presente unha Moción deste tipo nos parece un auténtico despropósito, e vou a dicir porqué, eu non sei si se deron conta vostedes pero a palabra "crisis" segue existindo neste Concello, e a mín me gustaría que a Interventora fixera unha valoración de canto supón ó Concello un irmanamento máis porque os irmanamentos significan gastos, gastos importantes, porque as representacións municipais supoñen diñeiro e ese diñeiro sae das arcas municipais. Nós estamos a favor deste tipo de cuestións, pero facélo a estas alturas, cando vostedes fai unha semana subiron todas as taxas a pesares da crise que existe en todo o país, en todo o Estado, e despois critican a outros gobernos porque non toman medidas, eu creo que hai que empezar pola casa de ún mesmo; suben as taxas gravando ós veciños, por suposto, e agora nos meten vostedes nun envolado que parece que neste pobo non teñen nada que facer; este goberno parece que ten todo feito cando a limpeza dá pena, neste pobo a limpeza é de pena, Sr.Alcalde; e como a limpeza, todas as áreas de goberno; en Urbanismo se seguen aprobando



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

licenzas por silencio administrativo, as obras están por facer, en todas as parroquias hai obras por facer que prometeron vostede na campaña electoral; en seguridade vial estamos á espera, Sr.Alcalde, que dunha vez por todas se decida a entregarnos a memoria da Policía que todos os anos entrega e que a mes de novembro, aínda a día de hoxe, non recibimos; non sei se o secuestro que sofre esa revista é por algún motivo especial, pero todos os anos por xaneiro ou febreiro se nos entregaba a todos os grupos políticos a memoria da Policía do ano anterior; aínda estamos á espera de que no la entregue.

Por certo, o outro día indiqueille onde había un problema grande de tráfico no Caeiro, en Sabarís, pero tamén nas escolas, calquer día pode haber unha desgraza pola intensidade de tráfico e pola falta de Policía que hai regulando o tráfico na saída das escola, é unha cuestión moi grave e pode darse unha situación trágica, e despois vamos a tirarnos dos pelos; lle rogaría que tomara medidas ó respecto porque é unha cuestión moi peliaguda; os accidentes son todos moi mal recibidos pero cando se trata de crios a sensibilidade se multiplica por cen.

Neste caso eu creo que deberan vostedes aplicar o tempo, e sobre todo o Sr.Vilar, que ten tantas áreas e non atende ningunha, de adicarlle o tempo ás cuestións do día a día dos veciños, e para mín, para ó BNG, para ó noso grupo, as cuestións como a deste punto que hoxe traen aquí de irmanamentos poden esperar; poden esperar a tempos mellores e seguramente tería o apoio de todo o mundo.

Nós non vamos a votar en contra porque nos parecería un desprezo á Vila do Bispo, pero nos vamos a abster porque creemos que está fora de lugar e de tempo. Se vostedes presentaran isto fai un ano houberamos adoptado outra postura diferente. Nos vamos a abster deixando claro que non temos nada en contra de Vila do Bispo, que é unha boa opción, pero que debemos esperar a tempos mellores; ese é o motivo da nosa abstención, non é outro.

**SR.VILAR, CMÑ.-** En primer lugar agradecer ó grupo popular o seu apoio, e ó Partido Socialista, o mesmo que ó BNG a súa sensibilidade en canto ó irmanamento, e quero decirlle ó compañeiro do BNG que creemos no irmanamento con Portugal, e él coincide en que ten sentido entre outras cousas porque son os nosos irmáns, irmáns portugueses, por cuestión de lingua fundamentalmente, e quero dicir tamén que isto é como un matrimonio: antes ten que haber un noviazgo; fai un ano era tempo de noviazgo, agora xa chegamos ó matrimonio, non se fai nunca ó revés, por porlle un exemplo, primeiro ten que haber un período de noviazgo.

Tamén lle quero dicir que eu, como todos os que estamos adicados á política, non estamos unha hora, nin duas, estamos as 24 horas coa mente pensando que facer para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños, e lóxicamente o traballo dos políticos (estén no goberno ou estén na oposición) non se pode medir polo tempo de permanencia sentados na silla porque cando ún está na calle ou está paseando está pensando nos problemas que son inherentes ó cargo de político; ou sexa, que non temos horario, temos as 24 horas adicadas ós nosos veciños.

Aclararlle tamén ó Sr.Fernández que cando se formaliza un irmanamento primeiro hai que facélo a nivel institucional, como o faría calquer grupo político con responsabilidades de goberno, e logo transmitílo en intercambios como ó longo deste tempo dende a Concellalía de Relacións cos Pobos irmáns levamos feito con colectivos e poño por exemplo a Banda de Música de Baiona, colectivo importante que visitou Palos, Santa Fé, e Pornic; o Erizana, que visitou Pornic tamén; o mesmo que a Escola de Danza Vila de Baiona, ou a Coral, ou o Coro de Homes Voces baioneses, que estivo en Palos recentemente, igual que a Banda de Música de Belesar; ou coas regatas que se manteñen entre Pornic e Baiona, especialmente coa presenza de franceses aquí, e incluso un barco de Baiona foi a Pornic en varias ocasións e participou na regata; tamén os alumnos do Instituto 1º de Marzo foron a Pornic e viñeron eles aquí, estamos agora preparando un novo



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

programa para que estes alumnos volvan alí e veñan eles de novo, todo isto se está levando a cabo; as visitas de veciños de Pornic, de Palos e de Santa Fé a Baiona, son moi numerosas aínda que non as podemos cuantificar, moitos veñen e se hospedan en hoteis ou van a casas de veciños, hai moito máis intercambio do que nós posiblemente creemos, e coincido con vostede en que é fundamental que sexan os colectivos os que veñan aquí e vai haber unha campaña de divulgación para instar á xente a que acuda a estes actos de irmanamento.

Esta é a liña na que estamos traballando, dando principalmente a posibilidade de que sexan os colectivos os que participen nestes actos; afortunadamente hoxe en día cruzar Portugal de norte a sur é moi fácil pola cantidade de autopistas e autovías realizadas, e iso tamén axuda, que dúbida cabe, así podemos comunicarnos con Palos, con Andalucía, grazas ás obras importantes que fixeron os portugueses, e sobre todo é importante para que a xente nova coñezca a nosa historia e valore o que representa Portugal e tamén a ventaxa de ser galego, eu o sinto así cando falamos cun portugués porque para nós non hai barreiras porque entendémonos perfectamente con eles pola nosa lingua galega cando con persoas doutras partes de España se poden ter problemas por cuestións idiomáticas. Se dan todas as causas para que este irmanamento sexa positivo no futuro, que é o máis importante.

**SR.LORES, PSOE.-** Decía o Sr.Vilar que non son nin moitos nin poucos os irmanamentos que temos, creo que a partir de hoxe xa seremos 5, xa é unha familia numerosa; penso que urxe darlle certo contido a este tema, creo que a partir das Corporacións sí hai que ter outro tipo de iniciativas que favorezcan ese irmanamento, eses contactos entre dúas culturas, porque boto en falta o abandono que temos neste momento co irmanamento con Cuba, practicamente está esquecido, non hai ningún tipo de relación, e non debemos facer un irmanamento simplemente para que o día 1º de Marzo veña o cónsul a dar un discurso; tería que traballarse neste tema. Tamén boto en falta ese pulo na regata de Pornic que xa fai un ano, ou dous, que non se celebra, ou que Baiona non participa; quizá a maior relación sexa cos pobos andaluces; con Pornic sí creo que hai un pulo, moita xente de alí ven a Baiona e moita xente de Baiona vai a Pornic, e xa empezamos a ter certa cultura de irmanamento non so en centros educativos, senón colectivos, e sobre todo, que é o máis importante, particulares que se están movendo logrando certa conexión e de feito cando chegas a Pornic eres moi ben acollido e eles en Baiona son tamén moi ben acollidos polas institucións e polos veciños.

Botamos en falta esa especie de protocolo, que se diga “un irmanamento vai a ser isto, vamos a ter este tipo de actividais, vamos a ver que tipo de intercambios podemos facer con cada ún destes Concellos”, como tamén se podería facer unha Feria de Turismo na que estén aquí todos os empresarios dos 5 Concellos, con algo de comercio, de cultura, de folklore, algo que dé contido a todo isto porque senón non ten moito sentido; ten sentido si se traballa, se o pobo de Baiona participa da cultura, do idioma, da economía, incluso das miserias dos outros pobos; botamos en falta iso e pdeimos que a partir de agora se faga un estudio de cales van ser as iniciativas que vai haber con cada un destes pobos cos que estamos irmanados, e non estamos en contra de que a Concellalía siga traballando e irmanándose con máis pobos, non temos ningún problema, pero que sexa para traballar; repito que botamos en falta un plan de actuación para estes irmanamentos.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Falando de noviazgos e de matrimonios, decirlle ó Sr.Vilar que os noviazgos poden durar 1 ano, 5, ou ata 20, hoxe en día toda a vida, iso non é desculpa. Quero recalcarlle que deba facer vostede un programa a seguir para os irmanamentos para darlles contido, non a este novo de hoxe senón a todos os demáis; darlles contido para que ó mellor así, desesa maneira, tendo un programa e unhas datas concretas para certos actos, saia vostede dese





**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

atolladero onde está agora mesmo; que sí fan, pero fan moito menos do que tiñan que facer. O que sí me alegra é escoitar da súa boca: “a importancia de ser galego”, por iso xa vale a pena a moción. Moitas grazas.

**SR.ALCALDE.-** Sobre os comentarios do BNG da crisis económica, decirlle que neste Concello hai un irmanamento do 2001 con Cuba que evidentemente ten gastos bastante máis importantes, e foi aprobado; tamén é certo que había outra situación económica en España, estaba o Goberno do señor Aznar, e houbo unha representación incluso viaxando a Cuba con representación do BNG; nós non vamos a facer un irmanamento para ir en barco a Vila do Bispo, e trataremos de axustar os gastos, non é necesariamente un gasto importante.

Detrás de todos os irmanamentos o que tamén se busca é unha relación entre pobos, unha relación que poida favorecer o turismo nos dous sentidos, pero o que nos interesa a nós lóxicamente é Baiona; creemos que Vila do Bispo ten unha promoción importante como vimos en Galaecia, na exposición en Vigo, e lóxicamente sumamos; non se fai un irmanamento para incrementar gastos senón fundamentalmente para establecer lazos culturais e tamén para potenciar o turismo do noso Concello.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da presente Moción, resultando: votos a favor, 15 (8,PP, 1,CMÑ, 6,PSOE); producíndose 2 abstencións, BNG.**

**Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:**

**1º.- O Irmanamento do Concello de Baiona co Concello de Vila do Bispo (Portugal).**

**2º.- Facultar ó Alcalde para que en nome e representación do Concello de Baiona suscriba o Protocolo e redacte a programa de actos e os documentos complementarios que fosen necesarios en representación do Concello de Baiona para levar a cabo os actos do devandito irmanamento.**

**4.- APROBACION, SE PROCEDE, DA DECLARACION INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE “DÍA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á Sra.Silva, PP.

**SRA.SILVA, PP.-** Antes de començar la lectura de la declaración institucional comentar que se cambiaron unos datos en la misma en forma de actualización a día 4 de noviembre; se había presentado en la Comisión Informativa de finales del mes pasado y ahora se tuvieron que cambiar algunos datos.

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE “DÍA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”**

O día internacional para eliminar a violencia contra as mulleres foi instituído no Primeiro Encontro Feminista de Latinoamérica celebrado en Bogotá en 1981 e, oficialmente recoñecido



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

polas Nacións Unidas en 1999, como unha xornada de sensibilización sobre unha lacra que non ten outra xustificación que o abuso do poder e a sen razón.

Un ano mais o 25 de novembro convértese nunha cita ineludible para expresar de forma unánime o noso contundente rexeitamento á violencia contra as mulleres.

A magnitude do fenómeno da violencia de xénero cuestiona día a día os dereitos fundamentais da cidadanía, de moitas mulleres -dereito á vida, a súa integridade física, psíquica, a súa dignidade - que constitúen os valores inviolables das persoas sobre o que se fundamenta a democracia.

Aínda que nos últimos anos as actuacións das administracións públicas experimentaron un avance trascendental, incrementándose de forma notable o compromiso político, social e institucional ante este tema, as estatísticas amosan que a violencia contra as mulleres segue a ser un problema de primeiro orde.

Según datos do Centro Reina Sofía, a 4 de novembro deste ano morreron en España a máns dos seus maridos ou exparellas 58 mulleres.

Según o informe que emitiu o 3 de novembro o observatorio estatal contra a violencia doméstica e de xénero no primeiro semestre de 2008 presentáronse por maltrato 71.022 denuncias.

Na nosa comunidade autónoma a 4 de novembro deste ano non existen datos oficiais do nº de denuncias, e según datos do Servicio Galego de Igualdade, o punto de coordinación de ordes de protección xestiona a 31 de setembro 2.973 ordes de protección

No noso municipio, no que vai de ano realizaróñse 14 denuncias por violencia de xénero, e na actualidade hai vixentes 13 ordes de protección. No Centro de Información á Muller municipal realizáronse a 4 de novembro deste ano 101 consultas sobre malos tratos, e hai operativos 8 dispositivos de teleasistencia móbil para mulleres vítimas de violencia.

Estos datos veñen a confirmar unha vez mais o traballo que temos por diante en todas e cada unha das esferas nas que nos movemos, para que o 25 de novembro deixe de ser unha data de necesaria reivindicación e denuncia.

Por todo isto, con motivo do Día Internacional para eliminar a violencia contra as mulleres propoñemos:

- Suscribir a presente Declaración
- Manifestar a nosa mais enérxica condena contra calquera acto que atente contra a dignidade da muller.
- Expresar a nosa solidariedade coas vítimas da violencia de xénero e coas súas familias
- Reiterar o noso compromiso coa erradicación da violencia de xénero, en coordinación con outras administracións
- Impulsar iniciativas encamiñadas a prevención e erradicación da violencia de xénero



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

*En definitiva, comprometernos a promover a plena igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos, e a traballar xunto con entidades, organizacións e administracións de forma coordinada para erradicar esta lacra social.*

---

**SR.LORES, PSOE.-** Simplemente ratificar o noso apoio que xa demos na Comisión Informativa. Estamos totalmente a favor desta declaración.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, acorda:**

- **Suscribir a presente Declaración.**
- **Manifestar a nosa mais enérxica condena contra calquera acto que atente contra a dignidade da muller.**
- **Expresar a nosa solidariedade coas vítimas da violencia de xénero e coas súas familias.**
- **Reiterar o noso compromiso coa erradicación da violencia de xénero, en coordinación con outras administracións.**
- **Impulsar iniciativas encamiñadas a prevención e erradicación da violencia de xénero.**

*En definitiva, comprometernos a promover a plena igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos, e a traballar xunto con entidades, organizacións e administracións de forma coordinada para erradicar esta lacra social.*

**5.-APROBACION, SE PROCEDE, DA RESOLUCION DAS ALEGACIONES INTERPOSTAS POLO COLEXIO DE ENXEÑEIROS DE CAMINOS, CANAIS E PORTOS CONTRA O PREGO DE CLAUSULAS QUE REXE O CONTRATO DA CONCESION ADMINISTRATIVA DE XESTION DO SERVIZO PUBLICO CON EXECUCION DE OBRAS DE REFORMA E CONSERVACION E POSTERIOR XESTION DO APARCADOIRO SOTERRADO DA PALMA.**

**O Sr.Alcalde procede á votación da inclusión do presente punto na Orde do Día posto que chegou con posterioridade á Comisión Informativa, resultando aprobada a inclusión por unanimidade, polo que procede ó tratamento dos puntos incluídos na seguinte:**

**PROPUESTA DE ALCALDÍA**

**ANTECEDENTES DE HECHO**

1.- En fecha 3/10/2008 el pleno de la Corporación, por mayoría absoluta del número legal de miembros, aprobó el expediente de contratación del contrato de gestión de servicio público con ejecución de obras de conservación y reforma y posterior gestión del aparcamiento subterráneo de la Palma. En el mismo



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

acuerdo se aprobaron los pliegos de cláusulas administrativas particulares, anteproyecto de explotación y pliego de prescripciones técnicas que regirán el contrato.

2.- En fecha 7/10/2008 se remitió anuncio al DOUE y el anuncio se publicó en DOG nº202 de fecha 17 de outubro de 2008 y BOE nº254 fecha 21 de octubre.

**3.- En fecha 29/10/2008 número registro de entrada 7166 D. Carlos Nárdiz Ortiz en calidad de Decano de la Demarcación de Galicia del Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos presenta escrito de alegaciones al pliego arobado en base a los siguientes motivos:**

- Que la cláusula 12. 2 del pliego relativo a la acreditación de la solvencia técnica o profesional exige la presentación de certificado de colegio de arquitectos conforme se acredite que a persoa responsable da execución das obras de reforma e conservación, está dado de alta como exerciente.
- Que se recoja en el clausulado del pliego la expresa participación en el concurso a técnicos ingenieros de caminos, canales y puertos como responsables de la ejecución de los trabajos, con las prescripciones precisas y cuantas resulten exigibles, por su intervención y participación, así como la de su propio Colegio Profesional.

#### FUNDAMENTOS JURÍDICOS

**Primero.-** El artículo 122 del RD 781/1986, de 18 de abril por el que se aprueba el Texto Refundido de Disposición Legales vigentes en materia de régimen local establecía " 1. *Los pliegos de condiciones, después de aprobados por el pleno de la Corporación, se expondrán al público durante le plazo de ocho días, anunciándose así en el Boletín Oficial de la Provincia para que puedan presentarse reclamaciones, las cuales serán resueltas por la misma Corporación. Esta previsión no será de aplicación en el supuesto en de que previamente hayan sido aprobados pliegos generales.*

2. *Dentro del plazo de dicha exposición podrá publicarse también el anuncio previsto en el artículo siguiente, si bien en tal caso la licitación, se aplazará, cuando resulte necesario, en el supuesto de que se formulen reclamaciones contra los pliegos de condiciones".* No obstante este artículo ha sido derogado por la disposición derogatoria única de la LCSP.

**Segundo.-** El artículo 37 LCSP " *Las decisiones a que se refiere el apartado 2 del presente artículo que se adopten en los procedimientos de adjudicación de contratos sujetos a regulación armonizada, incluidos los contratos subvencionados, contratos de servicios comprendidos en las categorías 17 a 27 del Anexo II de cuantía igual o superior a 211.000 euros, o contratos de gestión de servicios públicos en los que el presupuesto de gastos de primer establecimiento sea superior a 500.000 euros y el plazo de duración superior a cinco años, deberán ser objeto del recurso especial en materia de contratación que se regula en este artículo con anterioridad a la interposición del recurso [contencioso administrativo](#), sin que proceda la interposición de recursos administrativos ordinarios contra los mismos. No se dará este recurso en relación con los actos dictados en procedimientos de adjudicación que se sigan por el trámite de emergencia regulado en el artículo 97.*

2. *Serán susceptibles de recurso especial los acuerdos de adjudicación provisional, los pliegos reguladores de la licitación y los que establezcan las características de la prestación, y los actos de trámite adoptados en el procedimiento antecedente, siempre que éstos últimos decidan directa o indirectamente sobre la adjudicación, determinen la imposibilidad de continuar el procedimiento o produzcan indefensión o perjuicio irreparable a derechos o intereses legítimos.*

*Los defectos de tramitación que afecten a actos distintos de los contemplados en el párrafo anterior podrán ser puestos de manifiesto por los interesados al órgano al que corresponda la instrucción del expediente o*



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

*al órgano de contratación, a efectos de su corrección, y sin perjuicio de que las irregularidades que les afecten puedan ser alegadas por los interesados al recurrir el acto de adjudicación provisional.*

*3. El recurso podrá interponerse por las personas físicas y jurídicas cuyos derechos o intereses legítimos se hayan visto perjudicados o puedan resultar afectados por las decisiones objeto de recurso y, en todo caso, por los licitadores.”.*

*(...)*

*6. El plazo para interponer el recurso especial en materia de contratación será de diez días hábiles, contados a partir del siguiente a aquél en que se notifique o publique el acto impugnado. En el caso de que el acto recurrido sea el de adjudicación provisional del contrato, el plazo se contará desde el día siguiente a aquél en que se publique el mismo en un diario oficial o en el perfil de contratante del órgano de contratación, conforme a lo señalado en el artículo 135.4.*

*La presentación del escrito de interposición deberá hacerse en el registro del órgano de contratación o en el del órgano competente para la resolución del recurso. La subsanación de los defectos de este escrito deberá efectuarse, en su caso, en el plazo de tres días hábiles.*

*En el caso de que el procedimiento de adjudicación del contrato se tramite por la vía de urgencia prevista en el artículo 96, el plazo para la interposición del recurso será de siete días hábiles y el de subsanación, de dos días hábiles.*

*7. Si el acto recurrido es el de adjudicación provisional, quedará en suspenso la tramitación del expediente de contratación hasta que se resuelva expresamente el recurso, sin que pueda, por tanto, procederse a la adjudicación definitiva y formalización del contrato. No obstante, si el recurso se hubiese interpuesto contra el acto de adjudicación provisional de un acuerdo marco del que puedan ser parte un número no limitado de empresarios, el órgano competente para resolverlo podrá levantar la suspensión una vez transcurridos cinco días hábiles desde su interposición.*

*8. Interpuesto el recurso, se dará traslado del mismo a los restantes interesados, concediéndoles un plazo de cinco días hábiles para formular alegaciones, y se reclamará el expediente, en su caso, a la entidad, órgano o servicio que lo hubiese tramitado, que deberá remitirlo dentro de los dos días hábiles siguientes acompañado del correspondiente informe. Los licitadores tendrán, en todo caso, la condición de interesados en el procedimiento de recurso.*

*9. Una vez recibidas las alegaciones de los interesados, o transcurrido el plazo señalado para su formulación, el órgano competente deberá resolver el recurso dentro de los cinco días hábiles siguientes, notificándose la resolución a todos los interesados. En todo caso, transcurridos veinte días hábiles contados desde el siguiente a la interposición del recurso sin que se haya notificado su resolución, el interesado podrá considerarlo desestimado a los efectos de interponer recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio de la subsistencia de la obligación de resolver expresamente y del mantenimiento, hasta que ello se produzca, de la suspensión establecida en el apartado 7, en su caso.*

*La resolución del recurso estimará en todo o en parte o desestimará las pretensiones formuladas o declarará su inadmisión, decidiendo motivadamente cuantas cuestiones se hubiesen planteado. En todo caso, la resolución será congruente con la petición y, de ser procedente, se pronunciará sobre la anulación de las decisiones ilegales adoptadas durante el procedimiento de adjudicación, incluyendo la supresión de las características técnicas, económicas o financieras discriminatorias contenidas en el anuncio de licitación, anuncio indicativo, pliegos, condiciones reguladoras del contrato o cualquier otro documento relacionado con la licitación o adjudicación, sobre la retroacción de actuaciones, o sobre la concesión de una indemnización a las personas perjudicadas por una infracción procedimental.*

*Si la resolución del recurso acordase la adjudicación del contrato a otro licitador, se concederá a este un plazo de diez días hábiles para que cumplimente lo previsto en el artículo 135.4, segundo párrafo.*



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

10. *Contra la resolución del recurso solo procederá la interposición de recurso contencioso-administrativo conforme a lo dispuesto en la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.*

Segundo.- El artículo 110. 2 LRJPAC señala “ *El error en la calificación del recurso por parte del recurrente no será obstáculo para su tramitación, siempre que se deduzca su verdadero carácter.*” Por lo que entendemos que el escrito de alegaciones se presenta a modo de recurso especial en materia de contratación

Respecto al fondo del asunto, indicar lo siguiente:

El pliego de cláusulas administrativas establece en su cláusula “12.2. *Solvencia técnica o profesional.*”

- *Titulación académica e profesional do empresario e do persoal directivo da empresa e en particular, do persoal responsable da execución do contrato.*
- *Certificado do colexio de arquitectos conforme se acredite que a persoa responsable da execución das obras de reforma e conservación, está dado de alta como exerciente “*

Y en al cláusula 12. “4.-Solvencia técnica. A solvencia técnica apreciarase tendo en conta os coñecementos técnicos, a eficacia, a experiencia e a fiabilidade o que se acreditará mediante a presentación dos seguintes documentos:

1.

- *Unha relación dos principais servizos públicos ou traballos de análoga natureza prestados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos. Os servizos ou traballos realizados acreditaranse mediante certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario fose unha entidade do sector público; cando o destinatario fose un suxeito privado mediante un certificado expedido por este, a falta de certificado mediante unha declaración do empresario.*
- *Unha descrición do equipo técnico que xestionará o servizo público obxecto do contrato, estean ou non integrados directamente na empresa do contratista, indicando particularmente a titulación académica e profesional do persoal que se responsabilizará da xestión do servizo. En caso de que o equipo técnico non estea integrado directamente na empresa ou empresas licitadoras, deberá achegarse cartas nas que aqueles se comprometan a prestar a súa colaboración ó licitador ou licitadores, nas súas respectivas áreas de actividade, para a execución do contrato no suposto de que o licitador ou licitadores resulten adxudicatarios.*

***En calquera caso o equipo directamente encargado da dirección das obras de reforma e conservación do aparcadoiro soterrado estará integrado por un titulado superior, o cal actuará como interlocutor cos Servizos Técnicos Municipais.***

